

Procedemento: Resolución do 2 de xaneiro de 2023, da Axencia Galega das Industrias Culturais(Agadic), pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución, dun espectáculo teatral, no ano 2023, a partir da dramaturxia elaborada dentro da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2022/23 " Bailar no Ceo" de Ana Abad de Larriva

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1 Con data 2 de xaneiro de 2023, publicouse na páxina web da Agadic (<http://www.agadic.gal>) a Resolución do 2 de xaneiro de 2023, da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución, dun espectáculo teatral, no ano 2023, a partir da dramaturxia elaborada dentro da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2022/23 "Bailar no Ceo" de Ana Abad de Larriva.

2 O punto 6 das bases reguladoras (Anexo I) do procedemento de selección recolle que se constituirá unha comisión de valoración das solicitudes presentadas que será nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic e estará integrada por:

- A persoa responsable da dirección do Centro Dramático Galego, que ostentará a presidencia.
- Unha persoa representante de cada unha das asociacións e colectivos adheridos ao proxecto "Bolsa de dramaturxia e creación" que ostentarán a condición de vogais.
- Unha persoa do cadro de persoal da axencia, que exercerá as funcións de secretaria da comisión, con voz e sen voto.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e declararán baixo responsabilidade que non incorren nalgunha das causas de abstención ou recusación previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2 No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".



En base ao exposto,

RESOLVO

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de selección, que segundo o punto 6 do Anexo I terá a seguinte composición:

Presidente:

Francisco Javier Núñez Alonso (coordinador do CDG)

Vogais:

- 1 Antonio Salgado Rodríguez (Asociación de actores e actrices de Galicia)
- 2 Santiago Cortegoso Calvar (Escena Galega)
- 3 Francisco Oti Ríos (Academia Galega de Teatro)
- 4 Cristina Domínguez Dapena (Consello da Cultura Galega)
- 5 Carlos Ledo Vázquez (Asociación de Festivais de Artes Escénicas de Galicia)
- 6 Jorge Rey Rivas (Unión Internacional de Marioneta, sección Galicia)
- 7 Javier Gómez Lojo (Revista Galega de Teatro)
- 8 Ricardo Solveira Díaz (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia)
- 9 Carlos Lorenzo Pérez (Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural)
- 10 Belén Brandido Gutiérrez (Asociación de Profesionais do Circo de Galicia)
- 11 Noelia Fernández Toledano (Asociación Galega de Dramaturxia)
- 12 Manuel Dasilva Díaz (Federación Galega de Teatro Aficionado)
- 13 Beatriz Maceda Abeleira (Asociación de escritoras e escritores en lingua galega)

Secretaría:

Paula P. Agulló López (Agadic)

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

